

CUESTIONARIO CONTEXTUALIZACIÓN HISTÓRICO-FILOSÓFICA PLATÓN

Democracia ateniense

(As seguintes cuestións no son para contestar por escrito, senón que veñen a ser unha especie de guía para captar as partes máis relevantes do vídeo [La Democracia ateniense](#)).

Cita algunhas figuras relevantes da política ateniense da etapa clásica. Cales son as institucións políticas máis importantes do Estado ateniense? Cal é a diferenza máis destacada que distingue á democracia ateniense da democracia moderna? De que xeito promovía a democracia ateniense a participación política das clases traballadoras? Quen posúe o status de cidadán en Atenas? Cales son os sectores sociais excluídos da vida política ateniense?

Sócrates

Quen é Sócrates? Que actividade leva a cabo relacionada coa filosofía? Que é o diálogo socrático? En que consisten as dúas partes (ironía e maiéutica) en que se divide o método socrático do diálogo? Que é a “douta ignorancia” da que presumía Sócrates? Que ten que ver co feito de dialogar cos cidadáns de Atenas? Explica a doutrina socrática do intelectualismo moral? Estas de acordo coa tese socrática que considera que quen obra mal faino por ignorancia? Que influencia exerceu sobre Platón? Saberías explicar as semellanzas e as diferenzas entre a dialéctica socrática e a dialéctica platónica? Que busca ou pretende alcanzar mediante o diálogo Sócrates?, e Platón? Os dous pensadores gregos defenden o universalismo no ámbito ético-político, saberías explicar esta teoría? En relación ao ben, a xustiza e a bondade que ven a defender o universalismo sostido por ámbolos dous?, onde estarían as diferenzas neste punto entre Sócrates e Platón?

Sofistas

Quen son os sofistas? Cal é a súa orixe ou procedencia? Que filósofos integran o movemento sofístico? Cal é a súa actividade profesional? Que importancia ten a sofística para a democracia ateniense?, en que sentido as ensinanzas dos sofistas contribuíron a afianzar a vida democrática da polis ateniense? En que consisten as teorías do convencionalismo e o relativismo defendidas polos sofistas? En relación coa pregunta anteriormente formulada, que teorías manteñen respecto do ben, a bondade e a xustiza? Sócrates e Platón comparten a teoría relativista dos sofistas? Por que?